


PROGRAMACIÓN MARZO 2018

Sábado 3 de marzo ás 20:30 no Museo Ramón Aller

Concerto

MATDEB & BAND

Fusión. Mestura. Versións musicais.



Matthew: De Estados Unidos. Naceu nunha familia coa música como denominador común. Á parte de cantar, toca a guitarra, o violín, a viola e o piano. Estilos favoritos: country, pop, jazz, ópera, musicais e por suposto Disney.

Débora: Lalinense, canta dende nena. Probou estilos musicais moi diferentes: rock, ritmos latinos, música mexicana... Na actualidade queda co jazz, blues e música racial.

Julián: Entusiasta aprendiz da música e máis concretamente da guitarra. Comezou na música movido po lo blues e o rock. Nunha primeira etapa foi autodidacta, na actualidade cursa estudos da Rockscool na Casa do Rock de Santiago de Compostela.

PROGRAMA

1. Stand by me
2. Halelullah
3. Perfect
4. Jailhouse rock
5. Beautiful tango
6. Sweet caroline
7. My way (Sinatra-Elvis)
8. City of stars
9. Dust in the wind
10. Ahora efecto mariposa
11. Moonlight Shadow
12. No woman no cry

Mércores 7 de marzo ás 20:30 no Museo Ramón Aller



Avelaiña Teatro

A LOLA

A Lola son todas as mulleres que sobreviviron aos seus maridos, arrebatados polo terror franquista.

O relato xoga co presente (mediados dos anos sesenta) e o pasado (os anos da Segunda República e os inmediatamente posteriores ao golpe militar de xullo de 1936).

A súa trama está determinada polo que se denomina o “**pasado non ausente**”, ou sexa, polo feito de que o sucedido nos anos da represión posterior ao golpe segue a determinar as vidas e as condutas de varias xeracións, porque o silencio sobre aqueles feitos impide a superación do trauma.

David e Teresa, mozos abertos aos novos aires que comezan a infiltrarse na sociedade española, deciden casar e visitan a casa nativa para comunicarllo aos seus pais. Pero **os traumas do pasado seguen presentes**: a historia dos pais de Teresa, familia comprometida dende o primeiro momento co novo réxime e a dos pais de David, identificados cos ideais republicanos, frustran os desexos dos mozos.

Na obra recrease o ambiente, ideais e confrontacións entre as dúas formas de entender a sociedade: os valores da tradición patriarcal e escolástica dos golpistas fronte as ideas constitucionais de progreso e liberdade.

Concellería de Igualdade
Concellería de Cultura

Venres 9 de marzo ás 20:30 na Biblioteca Municipal "Varela Jácome"

Curtametraxe

MATRIA



Álvaro Gago dirixe e fai a montaxe
José Gago e Alberto Gago producen
Miguel Gago axudante de dirección.

Ao final da proxección haberá un coloquio con Álvaro Gago e Francisca Iglesias Bouzón

"Quise dar voz a todas las mujeres silenciadas que tienen que protegerse" – Álvaro Gago

MATRIA é unha curtametraxe sobre unha heroína cotiá defectuosa. Sempre cos pés na terra, a intención é a de documentar a súa realidade baixo a ilusión da ficción. Unha realidade trágica que non ten un aparente final na película, pois *MATRIA* é unha traxedia continua gravada con lume no cotián da rutina. **Ramona**, a protagonista, está soa e o contexto non lle favorece, pero non perde a esperanza, que reside na súa propia determinación e dignidade, e no amor que lle une a súa familia. *MATRIA*, se pretende algo, é ser unha película humanista, e non hai humanidade sen esperanza.



"Matria", a curtametraxe que desmonta o mito do matriarcado en Galicia a través da historia de Ramona (Francisca Iglesias Bouzón), unha traballadora dunha conserveira. O director, o vigués Álvaro Gago, narra nesta cinta un día na vida de Ramona, unha muller que vive co seu marido, un home co cal apenas ten comunicación e que trata de refuxiarse na súa relación coa súa filla e a súa neta

Concellería de Igualdade
Concellería de Cultura

Domingo 11 de marzo ás 18:00 no Salón Teatro

Función benéfica a favor de ASPADEZA

Luns 12 de marzo no Salón Teatro

Función para escolares

10:30 horas:

CPR “Sagrado Corazón” de Lalín

CEIP “Varela Buxán” de Cercio


CEIP “Xoaquín Loriga” de Prado

CEIP “Vicente Arias de la Maza” de Vilatuxe

12:00 horas:

CEIP “Xesús Golmar” de Lalín

CEIP “Manuel Rivero” de Lalín



Viravolta Títeres

TODOS AO BALCÓN!

Admírense desta farsa de títeres de cachiporra, deste enredo de amoríos! Asistan con asombro ao momento no que a coqueta e volúbel Veleutina debe elixir entre os cumprimentos do crego, do fatuo, do simple e do avaro

Texto:

Viravolta Títeres

Manipulación:

Anxo García - Pilar Álvarez - Julio Balado

Marionetas:

Anxo García - Pilar Álvarez

Escenografía:

Anxo García - Antón Iglesias

Iluminación:

Julio Balado

Todos o balcón!! trata de recoller a tradición do teatro de títeres popular europeo. Nun retablo como os que se contemplaban nas festas e feiras que achegaban a través da *cachiporra* a crítica ao poder tanto eclesiástico como civil. Viaxamos pola cultura europea. A *cachiporra* que é unha parte máis do corpo *Pulcinella*, personaxe da *Commedia dell'Arte* que se estende por toda Europa emparentando ao *Punch* inglés, o *Guignol* francés, o *Kasperek* checo co *Don Cristóbal* español, o *Pericu* catalán, o *Dom Roberto* portugués... e o *Barriga Verde* galego.

En *Todos o balcón!* aparecen os arquetipos que recorren o teatro de monicreques popular. *O Padre* (cura), *Don Acacio* (o indiano retornado), *Paulino* (policía), *Teódulo* (*alcalde, representante da autoridade*), *Veleutina* (*a moza*)...

Tanto os diálogos como as accións móvense en tempo *allegreto* nun pequeno retablo de marionetas de luva e nunha estilizada escenografía.

Apuntes arredor de *Todos ao balcón!*

(Farsa para marionetas)

¡Veñan todos! A farsa é curiosa
o enredo comprensible;
a música deliciosa
e a moral... moi admisible
[Tomás Borrás: *Fantochines*]

Os antecedentes deste forma teatral atopámoslos no teatro clásico de Aristófanes e Plauto e nos mimos latinos. Na farsa, sen dúbida, habita o espírito máis transgresor e subversivo do *teatro popular*. O grotesco, o bufonesco, a crítica a través do humor, o sarcasmo..., en resume, todo o non considerado “politicamente correcto”. Todos os aspectos máis controvertidos da sociedade asoman a través de personaxes que aínda actuando de maneira “extravagante” manteñen a credibilidade e a verosimilitude.



Todos o balcón!! inspirase nos escritos en galego e en castelán da literatura peninsular.

Entre todos os autores - Valle Inclán, Jacinto Grau, Tomás Borrás, Cesar Muñoz Arconada, Rafael Dieste etc. - dous son fundamentais, Eduardo Blanco Amor e as súas *Farsas para títeres* (Ed. do Castro 1993 con ilustracións de Luis Seoane) e Federico García Lorca con *Los títeres de Cachiporra - Tragicomedia de don Cristobal y la seña Rosita*. Edición de Anabella Cardinall y Christian de Paepe / Catedra - Letras hispánicas.

Eduardo Blanco Amor escribe en 1953 *Farsas para títeres* na “diáspora”, no exilio motivado pola Guerra Civil que tan graves consecuencias tivo para a cultura galega. Castelao, Díaz Pardo, Luis Seoane, Rafael Dieste (que comparte con Federico García Lorca *As*

misións pedagóxicas), José Suarez realizan a súa obra lonxe de Galiza. Na representación do texto de Federico García Lorca ademais das marionetas e decorados realizados por Hermenegildo Lanz atopamos a Manuel de Falla que como acompañamento musical da obra de Lorca estrenou *La historia de un soldado*, de Stravinski.

Venres 16 de marzo ás 20:30 no Museo Ramón M.^a Aller

do 16 de marzo ao 16 de maio 2018

Exposición:

Manuel Colmeiro. A pintura, antes de pintar.

(7 de agosto de 1901, Silleda - 1 de outubro de 1999, Salvaterra do Miño)

Comisario:

David Barro



Resulta indubidable a relevancia de Manuel Colmeiro como un dos principais renovadores da estética da pintura en Galicia. A súa pintura emerxe nun momento onde se celebrará dunha maneira sincera a comunión entre identidade e modernidade na plástica galega. A conciencia social é a canle que lles conduciu a el e aos seus colegas de xeración a esa tarefa común de erixir unha arte dominada por unha actitude ética e renovadora, capaz de destilarse como estandarte estratéxico dese compromiso. Así construíra a súa pintura, que procura a esencia da vida, pero sobre todo a esencia do país galego desde a asunción e reivindicación dunha identidade e dun posicionamento social ou de clase.

Todo iso queda patente nesta exposición, que comisariada por David Barro, reúne corenta das obras máis significativas da traxectoria do artista. A exposición, que se acompaña dun libro cun extenso ensaio do propio comisario onde contextualiza a obra de Colmeiro con outros artistas históricos, baséase sobre todo na súa obra pictórica, coa intención de construír un discurso capaz de incidir no carácter vangardista de Manuel

Colmeiro, en como constrúe as súas paisaxes e atmosferas, en

como abraza o expresivo, e en como é capaz de afastarse do obxecto para apprehender as súas impresións e convocar o misterio.

O título da mostra, *Manuel Colmeiro. A pintura, antes de pintar*, explica o propio David Barro: “Débese a que Manuel Colmeiro non se enfronta a un lenzo en branco. A imaxe precede ao cadro. A pintura xa está alí, antes de pintar. A súa obra nace onde a figuración se volve atopar, porque esta é previa á pintura, aínda que se abandone a unha serie de rexistros deformantes. O cadro pérdese e despois reaparece. Colmeiro ten unha idea precisa do que quere facer, aínda que non sabe de antemán como chegará ata alí. Ese é o seu segredo. El mesmo definiuse como autor dun único cadro, capaz de ensaiar distintas variacións sobre un mesmo tema”.

Na exposición queda patente a capacidade de Manuel Colmeiro para identificarse con esa idea de contribuír á necesidade de construción dunha pintura galega, dunha arte galega. Unha preocupación cultural e autoconciencia que se inicia historicamente co Padre Sarmiento e que terá un momento cume no Rexurdimento dos Murguía, Rosalía, Pondal ou Curros, e despois no Grupo Nós, antes de chegar á xeración do Movemento Renovador ao que pertence Colmeiro. O ruralismo, o primixenio, o atlantismo, o expresionismo litoral, as formas envolventes, un sentido lírico humanizador e unha fidelidade aos traballos da terra e á paisaxe como semente temática, serán puntos ao redor dos que

xire esa tradición que se trata de recuperar. Tamén una certa condición pétreo nas figuras, unha vez que a escasa tradición do popular darase máis en deriva dos mestres canteiros que na pintura histórica. Por suposto, o románico e o barroco serán un pano de fondo para rescatar todo ese peso do orixinario. Pero tamén a pintura e as súas tradicións, desde Tiziano, Goya ou Velázquez ata Rembrandt, Courbet, Millet, Van Gogh ou Cézanne.



Manuel Colmeiro, é un debuxante da realidade e un pintor do recordo. Noutras palabras, debuxa o que ve con mestría, pero evitando o virtuosismo, que deixa paso á emoción subxectiva, que se apoia case sempre na cor, o seu outro modo de debuxar. Aí radica a súa forza expresiva e é, precisamente iso, o que quere transmitir esta exposición baseada sobre todo no seu legado pictórico. Porque, como sinala o comisario, “a de Colmeiro é unha pintura vigorosa pero suave, compacta, pero estendida no que respecta á cor, contida pero dinámica e, sobre todo, ben construída, ben temperada”.

Manuel Colmeiro narra a vida, algo patente nas súas palabras e nas súas pinturas. Por iso é polo que é un magnífico pintor de escenas, desde os seus temperáns portuarios ata os seus espidos na natureza. Pero tamén de bodegóns e figuras, e por suposto de paisaxes.

Porque a de Manuel Colmeiro é unha excelente pintura de historia, da nosa historia. Unha pintura de historia antropolóxica, que se abre ao cotián, capaz de pintar a morte, unha escena de labranza, as terras húmidas de Margaride, unha peregrinación, escenas portuarias e campesiñas, procesións, feiras, romarías, ou mesmo os soños. Por iso é polo que nunca se puido desprender das súas paisaxes do Deza, desa Galicia rural, que fai vibrar coa seu cromatismo, en cada unha das súas pinceladas. Porque a pintura xa está aí, antes de pintar.



Sábado 17 de marzo ás 20:30 no Museo Ramón M.^a Aller

Concerto:



Hadhietxekos

**José Luís Taboada Areán
Celia Calvo Vilariño
David Fiuza Souto
Diego Lage Gamallo
Alejandro Piñeiro Rodríguez.**

Hadhietxekos presenta o seu novo espectáculo no cal o seu estilo habitual de fusión de distintas correntes musicais se eleva á máxima expresión nunha arriscada combinación de plataformas multiinstrumentais. A Música como linguaxe, como expresión do desexo máis profundo, tórnase na ferramenta para comunicar as emocións coa pureza dun romanticismo moi contemporáneo.

O ser cando non se é, o estar cando se foi, o presente a través do que virá canalizan un programa ecléctico no cal o popular e a tradición conviven e derivan en caracteres moi diversos na procura do enriquecemento cultural e persoal.

O repertorio dos Hadhietxekos abrangue un gran abano de posibilidades, dende a Música popular a composicións das diversas etapas da historia da Música e tendencias máis modernas.

Esta diversidade musical define o carácter didáctico das súas aparicións públicas, achegando a Música a toda a poboación, animando e interactuando co público e convertendo cada concerto nun espectáculo de maxia para os oídos.

Sábado 24 de marzo ás 20:30 no Museo Ramón M.^a Aller

Concerto:

N Ó S



Diego Sieiro
Sandra Fondevila
Benxamín Otero

Nós: Pronome persoal tónico de primeira persoa do plural tanto para o masculino como para o feminino que funciona como suxeito ou vai tras preposición.

NÓS somos unha formación composta por *Sandra Fondevila* (vocalista) *Benxamín Otero* (oboe, corno inglés e guitarra) e *Diego Sieiro* (guitarra) cun repertorio composto de temas propios, adaptacións e versións en formato acústico.

Festival Internacional de Narración Oral Atlántica

todas funcións son de balde ata completar aforo

Venres 16 de marzo ás 18:00 na Biblioteca Municipal “Varela Jácome”



Noelia González Marcos “CARIOCA”
(Salamanca)

Contos e papaventos

“Carioca” conta contos pola mesma razón pola que o ceo se enche de nubes e a noite come estrelas.

Se non existiran os contos, “Carioca” pasaría a vida facendo pompas de xabón, recollendo grans de area perdidos nas beirarrúas e abandonando bicos para que alguén os atope e os regale.

“Carioca” fíxose amiga das palabras e elas contáronlle os seus segredos. Pero como os segredos non naceron para estar gardados, xuntaron montañas de historias, deseñáronse traxes de cores e váivolo contar moi baixiño. Baixiño porque cando alguén berra, á Lúa dóelle a cabeza.

“Carioca” conta contos para nenos e nenas de todas as idades, dende os máis pequenos ata os que xa deixan de ser nenos/as. Apóiase en recursos como marionetas, bonecos e obxectos diversos porque así non se sente tan soa e eles fan que as historias se enchan de cores. Aínda que, iso si, sempre con espectáculos de contos.

público infantil e familiar

Martes 20 de marzo ás 18:00 no Museo Ramón M.^a Aller

Boniface Ofongo Nkama “BONI” (Camerún)

Ás 18:00 horas

O león kandinga e outros contos

Ás 20:30 horas

Contos eróticos africanos



Eu non son fillo da tradición oral, porque nacín e creíame nunha aldea do interior de Camerún, onde a transmisión oral era a única maneira de acceder a calquera tipo de información ou coñecemento. Aínda que os meus estudos académicos e a miña experiencia vital conducíronme a descubrir a literatura escrita, a oralidade primaria na que eu me eduquei segue sendo o meu principal punto de referencia no meu traballo de narrador.

Non me importa transmitir, a través dos meus contos, algúns valores que o mundo de hoxe bota en falta. A través dos meus contos, quero transmitir o espírito de África, ese continente que está tan preto pero que é tan descoñecido.

Especialidade: Fábulas, lendas, mitos, tradicións da África Negra. Ultimamente afeccioneime aos contos de contido erótico, pero do erotismo africano, que non é exactamente o mesmo que o occidental.

Mércores 21 de marzo ás 20:30 no Círculo de Recreo de Lalín



Xosé Avelino González Fernández,
coñecido como Avelino González
(Galiza)

Contos de contrabando

Actor galego, narrador oral, director e tradutor de teatro, e especialista en animación de rúa.

Comezou a súa carreira no teatro en A Farándula (Vigo, 1980), compañía na que colaborou ata a súa desaparición. Fundador de Tranvía Teatro (1989) e de

Ollomol Tranvía (1993) é un home consolidado no panorama escénico. Deu ó salto ao cine en 1987 con *Gallego*, no que ten feito filmes nos que destaca *¿A ti como se che di adeus?*. Na pequena pantalla ten actuado en programas (*Arestora, Luar...*), series (*Mareas Vivas* ou *Galicia Express*) e telefilmes (*Condenado a vivir*). Na actualidade salienta o seu traballo como narrador oral e tradutor teatral.

Televisión

2015: *Seis Hermanas* para TVE1

2014: *Padre Casares* para TVG

2014: *Maratón*, para TVG

2011: *Piratas* para T5

2011: *Tres días de Abril*, para TVE

2006: *A vida por diante* para TVG

2006: *Cuéntame* para TVE

2005: *Hospital Central* para T5

Cine

2008: *Pradolongo*, dirixido por Ignacio Vilar

2004: *Heroína*, dirixido por Gerardo Herrero

2000: *Condenado a vivir*, dirixido por Roberto Bodegas

Teatro

2007: *Tará-chis-pum* compañía CDG, dirección Artello tatro alla Scala

2004: "As laranxas mais laranxas de todas as laranxas" de Carlos Casares, compañía: CDG dirixido por José Caldas

2002: *Animaliños* de R. Vidal Bolaño (Compañía Teatro do Aquí). dirixido por Roberto Vidal Bolaño

2001: *Policía* de S. Mrozeck compañía Ollomoltranvía dirixido por Cándido Pazó.

2012: Premio Max ó Mellor autor en Gallego por "Pelos na lingua"

2011: Premio María Casares ó Mellor Texto Traducido por "Un cranio en Conemara" de Martin McDonagh

2007: Premio María Casares ó Mellor Texto Traducido por "A Bombilla Máxica" de Woody Allen

2006: Premio María Casares ó Mellor texto traducido por *A raiña da beleza de Leenane* de Martin McDonagh

2004: Premio María Casares ó Mellor texto original de "Bicos con Língua"

1993: Premio Compostela ó Mellor actor secundario por "Un soño de Verán" de Shakespeare